



NOME E APELIDOS:

DNI:

1.- Elixo a frase que non se debería usar nun discurso oral producido dende a Administración :

- a) Que desexa?
- b) En que o/a podo axudar?
- c) Non estou ao tanto
- d) Ningunha é correcta

2.- Elixo o significado correcto en galego do latinismo “ a potiori”:

- a) Máis importante
- b) A posteriori
- c) A ou para o poder
- d) Ante o feito

3.- Elixo a forma galega correcta ou máis recomendable entre as seguintes locucións:

- a) No seu caso
- b) En seu caso
- c) Se é o caso



d) Todas as opcións son correctas ou recomendables

4.- Escolle a opción correcta atendendo á linguaxe igualitaria:

a) Comunícolles aos interesados...

b) Comunícolles ás persoas interesadas...

c) a) e b) son correctas

d) a) e b) son incorrectas

5.- Elix a frase que non se debería usar nun discurso oral producido dende a Administración :

a) Non llo prometo

b) Verificareino inmediatamente

c) Por se esquecín algún dato importante, podería confirmarme a información recibida?

d) a) e b) son correctas

6.-O proceso diglósico que afectou á lingua galega iniciouse

a) nos Séculos Escuros

b) no século XIX

c) na Idade Media

d) durante o franquismo



7.-Na elaboración do modelo estándar o galego pasou por varias etapas. Unha delas foi o galego enxebriista que abrangue:

- a) dende os primeiros escritos do século XIX ata 1880
- b) fins do XIX ata 1936
- c) dende 1936 ata a década dos 70
- d) durante o período do franquismo

8.-O supradialectalismo propoñía como modelo lingüístico:

- a) a fala da zona de cada escritor
- b) mestura de distintas falas
- c) un estándar literario
- d) emprego das formas dialectais máis comúns

9.-O Provincialismo inicia o espertar de Galicia como entidade propia nos anos:

- a) 1840
- b) 1850
- c) 1860
- d) 1870

10.-A composición Ora faz Ost'e Senhor de Navarra é destacada por:

- a) ser a primeira composición lírica que se conserva na nosa lingua
- b) por ser o primeiro texto narrativo



c) por ser un texto relixioso

d) por pertencer ao último período da lírica medieval.

11.-A Casamenteira, peza teatral do s. XIX, pertence ao escritor:

a) Antonio Bieito Fandiño

b) Nicomedes Pastor Díaz

c) Xosé Fernández Neira

d) Gonzalo López Abente

12.-Os primeiros Xogos Florais celébranse no ano :

a) 1861

b) 1833

c) 1850

d) 1890

13.-O primeiro certame dos xogos Florais desenvolveuse na cidade :

a) Tui

b) Santiago de Compostela

c) Monforte de Lemos

d) A Coruña

14.-Que efemérede literaria se celebra o 24 de febreiro?



a) Día de Rosalía de Castro

b) Entroido

c) Día das Bibliotecas

d) Día do libro

15.-Cando nace a literatura galega impresa?

a) Finais do S. XII

b) Século IX

c) Século XIII

d) Século XIX

16.-Cando se fala de exilio interior en literatura galega?

a) Nos Séculos Escuros

b) Na Ilustración

c) Na posguerra

d) No século XIX

17.-O semanario A Nosa Terra publicouse

a) integramente en galego

b) integramente en castelán

c) maioritariamente en galego

d) maioritariamente en castelán



18.-O galego consolida o seu estatus como lingua vulgar nas escrituras públicas no

- a) século XII
- b) século XIII
- c) século XIV
- d) século XV

19.-A Lei de Normalización Lingüística establece que “o galego é lingua oficial da súa Administración no

- a) artigo 1
- b) artigo 2
- c) artigo 3
- d) artigo 4

20.-Cádavo é un topónimo referido á :

- a) Orografía
- b) Fitografía
- c) Hidrografía
- d) Flora

21.-Indica cal destas oracións non é correcta:

- a) Resaltar a necesidade de prestar este servizo



- b) Habería que resaltar a necesidade de prestar este servizo
- c) Cómpre resaltar a necesidade de prestar este servizo
- d) Teríamos que resaltar a necesidade de prestar este servizo

22.-Sinale o significado correcto do latinismo “culpa lata”:

- a) negligencia grave
- b) negligencia leve
- c) inocencia recoñecida
- d) culpabilidade declarada

23.- Indique o significado que lle corresponde á fórmula latina“ex aequo”

- a) por igual
- b) segundo a lei
- c) en ausencia
- d) deliberadamente

24.-Indique a forma recomendada para o correcto emprego da linguaxe administrativa

- a) so pretexto da súa potestade
- b) turno a favor
- c) primeiro de todo
- d) quenda a favor



25.-Risque a serie incorrecta:

- a) cobiza, sabugueiro, bafo, acubillo
- b) devalo, bafía, pabillón, billa
- c) trabe, cenobio, barrer, verza
- d) yendaval, devalar, envorcar, devecer

26.-Indique cal destes termos é o correcto

a) aboar

b) adxuntar

c) aforo

d) alevosía

27- Indique das seguintes palabras a que non pertence ao xénero feminino:

a) Libido

b) Dínamo

c) Fraude

d) Diadema

28.-De se utilizaren abreviaturas nos tratamentos teranse que escribir

a) con maiúscula inicial

b) todo en maiúscula



c) en minúscula todo

d) é indiferente

29.-Indique a forma que non se debe empregar no tratamento protocolario de Excelentísimo , -a Señor , -a

a) xefe de Estado

b) ministro, -a

c) presidente, -a do Senado

d) alcalde, -esa de poboacións inferiores a 100.000 habitantes

30.-O tratamento de Ilustrísimo Señor / Señora é inapropiado para

a) comisarios xerais de policía

b) bispos

c) presidente do tribunal de contas

d) alcaldes de pequenas poboacións

31.-Que artigo da Constitución reconece o galego como lingua oficial na súa comunidade autónoma?

a) Artigo 3

b) Artigo 3.2

c) Artigo 16

d) Artigo 18



32.-Que artigo do Estatuto de Autonomía identifica o galego como lingua propia?

- a) Artigo 5
- b) Artigo 5.1
- c) Artigo 5.2
- d) Artigo 5.3

33.-O Plan Xeral de Normalización Lingüística foi aprobado en 2004

- a) Por unanimidade do Parlamento galego
- b) Por maioría do Parlamento galego
- c) Por unanimidade do goberno da Xunta
- d) Por maioría do goberno da Xunta

34.-O xentilicio de Cedeira é

- a) Cedeirense
- b) Cedeirao
- c) Cedeirán
- d) Cedeirano

35.-Cal é a zona dialectal á que pertence Cedeira?

- a) bergantiñá
- b) mindoniense



c) central de transición

d) lucu-auriense

36.-Indique cal destes rasgos dialectais non é propio de Cedeira:

a) terminación ao (s) para o masculino e á para o feminino

b) cheísmo

c) ausencia de seseo agás o implosivo

d) plural –s para os nomes acabados en –n (can-cas)

37.-A determinación dos nomes oficiais dos municipios corresponde

a) ao Concello

b) á Xunta

c) á Deputación

d) ao Goberno Central

38.-Elixe a frase que non se debería usar nun discurso oral producido dende a Administración :

a) A ver se atopo o expediente

b) Está nunha reunión. Se é tan amable de deixarme o seu número xa o chamo eu en canto remate

c) Busco o expediente e chámoo en quince minutos

d) Todas se poden usar



39.- Elixo o significado correcto en galego do latinismo “ ad usum”;

- a) Segundo o costume
- b) Por exemplo
- c) Neglixencia usual
- d) En presenza

40.-No seo dun procedemento administrativo tramitado polab Xerencia Rexional do Catastro en Galicia, pode un cidadán dirixirse a ela en galego?

- a) Si, ao abeiro do disposto no artigo 15 da Lei 39/2015
- b) Non, debe dirixirse en castelán.
- c) Ningunha das anteriores é correcta.
- d) Ten que estar nas dúas linguas oficiais

-----PREGUNTAS DE RESERVA-----

41.- Elixo o significado correcto en galego do latinismo “ ipso iure”;

- a) Aínda que o xures
- b) Polo mesmo dereito
- c) De dereito e por dereito
- d) d) e c) son correctas



42.- Identifica o enunciado incorrecto:

- a) Por último, informar que o prazo remata o vindeiro día 15 de outubro
- b) Por último, cómpre informar que o prazo remata o vindeiro día 15 de outubro
- c) Por último, é mester informar que o prazo remata o vindeiro día 15 de outubro
- d) Por último, informámola que o prazo remata o vindeiro día 15 de outubro

43.- Di en que caso hai un uso correcto de maiúsculas e minúsculas:

- a) Directora Xeral
- b) SECRETARIA XERAL
- c) Presidente da Xunta de Galicia
- d) XEFE DE SERVIZO

44.-. Indica que institución é autora do Mapa Sociolingüístico de Galicia:

- a) Consello da Cultura
- b) Instituto da Lingua Galega
- c) Real Academia Galega
- d) Universidade de Santiago

45.- Indica cal das seguintes formas verbais é incorrecta:

- a) Devengar
- b) Comisar
- c) Subministrar
- d) Xuntar

